CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Elabora mapas conceptuais sobre os sectores da economía española e as súas características	TI	20
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía de España. Valora o papel económico actual das enerxías alternativas dentro da economía española.		
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	Analiza as repercusións climáticas do desenvolvemento económico español		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. - Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurrrexión Galicia-Norte de Portugal.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
10	UN MUNDO DESIGUAL E AMEAZADO	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen.	PE	80
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico de desenvolvemento sustentable e describir conceptos clave relacionados con el..		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Coñece as características de diversos tipos de sistemas económicos e do desenvolvemento sustentable e as súas implicacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Procura información sobre a sobreexplotación usando recursos impresos e dixitais.		
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Relaciona áreas de conflito no mundo con factores económicos.	TI	20
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Analiza gráficos de barras por países e textos onde se reflectan os niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais. - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. - Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.

Contidos

- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.
- Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social.
- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
11	O ANTIGO RÉXIME	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Explica as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.	PE	80
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Coñece a importancia da Revolución francesa como factor de cambio social na procura de maior igualdade		
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Coñece o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Coñece os conceptos básicos sobre economía, sociedade e políticos do Antigo Réxime		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Comprende os conceptos básicos do liberalismo económico		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Diferencia entre súbdito e cidadán		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Compara o sistema estamental e a sociedade de clases e establece as súas diferenzas		
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Establece a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo.		
CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Comprende a importancia das revoltas sociais no Antigo Réxime como elemento transformador da sociedade	TI	20
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Compara o sistema agrario anterior a 1789 e os sistemas actuais		
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	identifica actitudes sexistas no reinado do Borbóns en España		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes. - A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia. - O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita. - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
12	AS REVOLUCIÓNS INDUSTRIAIS	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Analiza as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios. O caso de Gran Bretaña	PE	82
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Describe os feitos salientables da Revolución Industrial inglesa		
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Coñece os conceptos fundamentais sobre as revolucións Industriais		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Describe os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Coñece diferencias salariais por motivos de sexo/idade		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Elabora mapas conceptuais sobre os fitos da revolución industrial en España		
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Coñece os novos movementos sociais vinculados á industrialización		
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Coñece o movemento sufraxista		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época.		
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Entende o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.	TI	18
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Analiza de xeito axeitado textos históricos e obras pictóricas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercer responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Identifica dereitos laborais		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Aprécia as repercusións das revolucións industriais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores. - A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes. - A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia. - A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade. - O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade.

O proceso de ensino-aprendizaxe entendemos que debe cumprir os seguintes requisitos:

Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.

Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.

Posibilitar que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si sós.

Favorecer situacións nas que os alumnos e alumnas deben actualizar os seus coñecementos.

Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos e alumnas, co fin de que resulten motivadoras.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

Metodoloxía activa e participativa do alumnado. Supón atender a aspectos intimamente relacionados, referidos ao clima de participación e integración do alumnado no proceso de aprendizaxe:

Integración activa dos alumnos e alumnas na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.

Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensino/aprendizaxe.

Atención á diversidade do alumnado con mecanismos de reforz, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten as dificultades de aprendizaxe /Motivación.

Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos e alumnas. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo.

Cada unidade comezará coa análise dun material introdutorio sobre o tema xeral a tratar. Sobre ese material os alumnos amosaran os seus coñecementos e ideas previas sobre o contido da unidade correspondente.

De seguido comezará a explicación dos conceptos fundamentais de cada unidade, sobre os cales faremos un glosario de termos (diccionario) na Aula Virtual.

Unha vez clarexados os conceptos fundamentais, haberá que poñelos en relación con situacións da vida cotiá doadamente recoñecibles polo alumnado, que, polo tanto, susciten a reflexión e a discusión razoada.

Xa por último, os alumnos, a través preferentemente dun exercicio escrito, amosarán o grao de asimilación dos contidos de cada unidade.

Tamén se contemplará a opción da elaboración dun traballo por parte do alumnado que unha vez revisado polo profesorado será exposto.

O profesorado poderá axudarse no seu labor pedagóxico de todo o material auxiliar que en cada intre considere oportuno: música, películas, documentais, páxinas web, sempre tendo en conta as limitacións tanto temporais como materiais que sofre a materia.

ACTIVIDADES

- Lectura e comprensión de textos relacionados coas temáticas estudadas.

- Composición escrita de argumentos e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica e a argumentación.

Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados, a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas estudados

Analizar e argumentar elaborando de xeito colaborativo esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles, mediante o uso de medios e plataformas dixitais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
apontamentos do profesor
caderno de clase
guía didáctica
medios dixital
TICs
ordenador/proxector de aula

Ademais do xa exposto na programación en canto a metodoloxía, materiais e recursos didácticos, consideramos fundamental a motivación dos alumnos, para iso partiremos de proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para os alumnos/as, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas, para posibilitar que os alumnos/as realicen aprendizaxes por si sós, practicando unha metodoloxía activa atendendo a aspectos referidos ao clima de participación e integración activa do alumnado no proceso de aprendizaxe, sempre tendo presente a atención á diversidade dos alumnos para o que se terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e os seus distintos intereses e motivacións.

Utilizarase todo tipo de material didáctico dispoñible e tendo en conta que tanto a Xeografía como a Historia son disciplinas abertas, que se van construindo pouco a pouco a partir de descubrimentos sucesivos, traballaremos con noticias de actualidade, cine, novelas de época, páxinas web, material audiovisual imaxes e presentacións, consultas na biblioteca do centro.

Os materiais didácticos empregados serán: o caderno da clase que serán os materiais básicos de traballo na aula, ademais da guía didáctica para cada unidade elaborada pola profesora, os medios dispoñibles no centro, aula de informática, e outros como vídeos e Internet, prensa, imaxes e audiovisuais correspondentes ás diferentes unidades didácticas e películas,.

ordenador e proxector na aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O profesor poderá marcar algunha proba coa finalidade de avaliar os coñecementos previos dos alumnos ditas probas poderán consistir na realización de traballos, (tipo cuestionarios de resposta múltiple, pequenas redacción, pescudas de información ou exposicións orais) en probas obxectivas orais e escritas ou calque outra que considere oportuna.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	5	5	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	80	85	78	77	80	95	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	15	22	23	20	5	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	5	100
Proba escrita	80	82	82
Táboa de indicadores	20	18	18

Criterios de cualificación:

Probas escritas: 70%. Os alumnos responderán a unha serie de preguntas, problemas ou cuestións do currículo correspondente. Cualificarase de 0 a 10, conforme o valor que o profesor outorgue a cada pregunta. Realizaranse varios controis por trimestre. Terase en conta a corrección nas respostas ás preguntas propostas: madurez argumentativa, expresión escrita, ortografía, complexidade da resposta, aportación persoal do alumno e emprego dos contidos e instrumentos traballados na aula.

As actividades feitas polo alumnado durante o trimestre: 20%. A participación na clase e o aproveitamento das actividades, explicacións e tarefas propostas nas horas de clase será fundamental..Faranse preguntas orais sobre a materia explicada na clase para coñecer o grao de seguimento do alumnado.

Na valoración das tarefas do alumnado terase en conta:

Traballo: as actividades propostas son realizadas con aproveitamento e corrección. O grado de desenvolvemento da tarefa proposta, atendendo a criterios tales como madurez expositiva, complexidade da resposta, aportación persoal do alumno e emprego dos contidos e instrumentos traballados na aula.

Nas respostas orais calificarase a demostración de coñecementos e o grao de eficacia na súa exposición. Así mesmo, de ser o caso, nas presentacións orais terase en conta os instrumentos empregados para facilitar a comprensión da información presentada: imaxes, presentacións powerpoint, vídeos ou contidos online.

Os traballos terán que ser entregados na data establecida. De non ser así, poderán non ser recollidos e, polo tanto, non ser considerados de cara a avaliación da materia.

A participación na aula, o interese amosado polo alumno ante os temas a tratar, participación nas tarefas organizadas tanto a nivel individual como en grupo, actitude e actuación do alumno na aula 10%.

A utilización de medios ilícitos para superar as probas (copiar dun compañeiro, do libro ou dunha chuleta, falar cun compañeiro, uso de aparatos electrónicos, etc.) conlevará a non superación do exame correspondente, puntuándose este cun 0. O alumno/a poderá supera a avaliación se a media das probas escritas a realizar é igual a 5.

Criterios de recuperación:

Dentro dos procesos de recuperación, expóranse actividades dirixidas a aqueles estudantes que non alcanzaron as aprendizaxes previstas. Serán similares ás actividades ordinarias, facendo maior fincapé nun traballo individual de comprensión e interiorización de conceptos e aplicación práctica dos mesmos.

Na avaliación final a cualificación será a suma de tódalas probas realizadas durante o curso e se terá en conta o traballo e actitude de alumnado na aula e na casa. No caso de que a nota media non supere o 5 , o alumno ou alumna podería realizar unha proba recuperatoria no mes de xuño e antes da data de remate das clases.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os contidos a avaliar na recuperación e avaliación das materias pendentes serán para todos os cursos aqueles Contidos Mínimos que figuran nesta programación xeral.

Todos os alumnos que obtiveron a súa promoción de curso na avaliación de setembro, pero foron avaliados negativamente en Ciencias Sociais, Valores Éticos terán que recuperar dita materia no presente curso. A orde do 25 de xuño de 2015 (Decreto 86/2015), estipula que as materias suspensas terán que ser recuperadas no curso seguinte.

O mecanismo proposto polo departamento de Ciencias Sociais para a recuperación destas materias é o seguinte:

Recuperación da materia suspensa segundo o calendario establecido polo centro.

O primeiro exame será o 31 de xaneiro, dunha parte da materia que de ser aprobada xa non entraría no segundo exame. O segundo exame terá lugar o 4 ou 2 de maio. De aprobarse os dous exames, a nota que figuraría como aprobada na avaliación ordinaria de xuño, sería a media dos dous exames. Se non aprobase o primeiro exame, o alumno/a deberá examinarse de toda a materia no segundo exame

Se non se superase a materia ao longo do curso, deberá realizar a proba extraordinaria de setembro. A preparación da materia pendente corre a cargo de cada alumno, para o que se xunta un guion dos contidos a preparar para cada exame e se fai referencia a aqueles apartados nos que o alumno debe profundizar; así mesmo recoméndanse unha serie de exercicios para facer que se corrixirán cada certo tempo.

Realización por parte do alumnado de toda unha serie de actividades de reforzo, que se entregarán ao alumnado baseadas nos contidos mínimos esixibles en cada materia. O obxectivo da realización destas actividades é fomentar a progresiva revisión dos contidos pendentes e favorecer a resolución progresiva e individualizada das dificultades que o alumno atopara durante o curso anterior. Farase un seguimento, fóra da aula, deste alumnado por parte do profesor xefe do departamento. Calquera dúbida ou consulta por parte dos pais será atendida no horario de titorías polo profesor xefe de departamento.

6. Medidas de atención á diversidade

A nosa intervención educativa co alumnado asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así coma os seus distintos intereses e motivacións.

O alumnado cunha Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) é aquel que presenta Necesidades Educativas Especiais ou outras necesidades educativas por Dificultades Específicas de Aprendizaxe (DEA), por Trastornos de Déficit de Atención con ou sen Hiperactividade (TDAH), por especiais Condicións Persoais ou de Historia Escolar (ECOPHE), por Incorporación Tardía ao Sistema Educativo (INTARSE) ou por Altas Capacidades Intelectuais (ALCAIN) que podan requirir apoios ao longo da súa escolarización.

Dentro das medidas de atención a diversidade, contemplamos dous tipos de medidas: ordinarias e extraordinarias.

MEDIDAS ORDINARIAS:

Adaptacións curriculares non significativas

Este tipo de adaptacións aplicaríase cando o alumno presenta dificultades de aprendizaxe que non son moi importantes.

As adaptacións en metodoloxía didáctica son un recurso que se pode introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia de:

- Os distintos graos de coñecementos previos detectados no alumno
- A existencia de diferentes graos de autonomía e responsabilidade entre os alumnos.
- A identificación de dificultades en procesos anteriores con determinados alumnos.

Estas modificacións non deberían producirse só como resposta á identificación de dificultades, senón como prevención das mesmas.

Actividades de aprendizaxe diferenciadas: reforzo e ampliación.

As actividades educativas que se formulen deben situarse entre o que xa saben facer os alumnos de maneira autónoma e o que son capaces de facer coa axuda do profesor ou dos seus compañeiros, de tal forma que nin sexan demasiado fáciles e, por conseguinte, pouco motivadoras para algúns alumnos, nin que estean tan afastadas do que poden realizar.

Cando se trata de alumnos que manifestan algunha dificultade para traballar determinados contidos, débese axustar o grao de complexidade da actividade e os requirimentos da tarefa e as súas posibilidades.

As actividades de reforzo tamén se utilizan con alumnos que presentan algunhas carencias para entregar cos exames, mentres que as actividades de ampliación se teñen en conta coma traballos optativos.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Adaptacións curriculares significativas

Consisten basicamente na adaptación do deseño curricular de cada materia e curso coas súas respectivas modificacións en canto os obxectivos, contidos, metodoloxía, competencias, estándares de aprendizaxe avaliábeis, actividades e criterios de avaliación que se podan aplicar en cada caso concreto.

Destinatarios.

Estas adaptacións lévanse a cabo para ofrecer un currículo equilibrado e relevante ao alumnado con necesidades educativas especiais. Dentro deste colectivo de alumnos, tense en conta tanto a aqueles que presentan limitacións de natureza física, psíquica ou sensorial, coma os que posúen un historial escolar e social que produciu algún tipo de dificultades que lles impediu a adquisición de novos contidos e, á vez, desmotivación, desinterese e rexeitamento.

Finalidade.

Tenderán a que os alumnos acaden as capacidades xerais da etapa de acordo coas súas posibilidades.

Condicións.

As adaptacións curriculares estarán precedidas dun informe e valoración da competencia curricular do alumnado por parte do Departamento de Orientación do centro. A adaptación curricular delimitarase ás necesidades educativas especiais de cada alumno/a. Determinarase o tipo de currículo que seguirá o alumnado en cada unha das materias que imparte o Departamento de Ciencias Sociais coas súas respectivas modificacións (obxectivos, contidos, metodoloxía, competencias, estándares de aprendizaxe avaliábeis, actividades e criterios de avaliación que se podan aplicar en cada caso) así como o seguimento da adaptación curricular para constatar os avances acadados polo alumnado.

Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ ou Audición e Linguaxe, medida que se tomará baixo o asesoramento do Departamento de Orientación do centro.

Altas Capacidades Intelectuais(ALCAIN) destinadas ao alumnado que manexa e relaciona de maneira simultánea e eficaz múltiples recursos cognitivos diferentes, de tipo lóxico, numérico, espacial, de memoria, verbal e creativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora, a expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres								
ET.3 - igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social				X				
ET.4 - democracia, o respecto aos dereitos humanos		X		X				
ET.5 - espírito emprendedor			X			X	X	
ET.6 - comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - tecnoloxías da información e da comunicación	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - educación cívica e constitucional		X						X
ET.9 - educación medioambiental	X				X	X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora, a expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.2 - desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres		X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.3 - igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou socia		X	X	X
ET.4 - democracia, o respecto aos dereitos humanos		X	X	X
ET.5 - espírito emprendedor				
ET.6 - comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.7 - tecnoloxías da información e da comunicación	X	X	X	X
ET.8 - educación cívica e constitucional				
ET.9 - educación medioambiental	X			

Observacións:

Fomentarase o desenvolvemento da igualdade entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas discapacitadas, ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social por ser valores universais recollidos na DUDH.

1.A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, e as tecnoloxías da información e da comunicación traballaranse en todas as unidades

2. Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

3. Impulsar que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas	complementaria	X	X	X
Visitas didácticas	complementaria		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Excursións didácticas	complementaria		X	
Asistencia a Charlas	complementaria	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do deseño das unidades didácticas aos elementos do Currículo
Adecuación de secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.
Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
O desenvolvemento da materia correspondeu a secuenciación e temporalización prevista.
O nivel de dificultade foi axeitado ás características do alumnado.
Metodoloxía empregada
Adecuación do libro de texto.
Adecuación dos materiais didácticos empregados.
Fixación dunha estratexia metodolóxica para abordar as distintas unidades didácticas.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación dos instrumentos para informar ao alumnado sobre os criterios de cualificación.
Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento das materias pendentes.
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado NEE
Adoptáronse as medidas curriculares axeitadas para ó alumnado con NEAE.
Adoptáronse as medidas organizativas axeitadas para ó alumnado con NEAE.
Atendeuse axeitadamente á diversidade do alumnado.

Clima de traballo na aula
Adecuación da secuencia do traballo na aula.
Consegiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física.
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.
Deuse un peso real á observación do traballo na aula.
Valorouse axeitadamente o traballo colaborativo do alumnado no do grupo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contribución da materia ao plan de lectura do centro.
Contouse co apoio e a implicación das familias.
Mantivose un contacto periódico coa familia por parte do centro.

Descrición:

Para avaliar o proceso de ensino e práctica docente teránse en conta os anteditos indicadores que se calificarán nunha escala de 1 a 4.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento do cumprimento das programacións didácticas por avaliación ten coma obxectivo a mellor adaptación das mesmas á realidade da aula.

Por outra parte facilita a necesaria uniformidade en canto aos contidos, estándares de aprendizaxe de coñecemento, actividades e ritmo de traballo entre todos os alumnos/as que cursan unha mesma materia.

De forma pormenorizada, o seguimento faise:

A partir da avaliación inicial adóptanse as medidas correctoras que avaliación aconselle co alumnado que presente problemas de aprendizaxe, sempre e cando estas no estiveran establecidas no curso anterior. Entre estas medidas estarían: adaptacións metodolóxicas, de ritmo de aprendizaxe, actividades de aprendizaxe diferenciadas: reforzo ou ampliación e adaptacións curriculares significativas que contaría co asesoramento do departamento de Orientación do centro.

-Á hora de revisar a programación didáctica e o proceso de ensino-aprendizaxe procuraremos dar resposta ás seguintes cuestións:

Que porcentaxe de alumnado alcanzou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?

Que recursos e actividades deron mellor resultado?

Que outras cousas sería posible realizar en función dos intereses do alumnado?

Que cambiaríamos no desenvolvemento da unidade para o próximo curso? Por que?

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada avaliación, o docente dentro do departamento e en coordinación co equipo didáctico, analizará o funcionamento do programado na aula. A partir de dito análise estableceráse as medidas de mellora que se consideren oportunas e establecerá estratexias que pode levar a cabo. A opinión do alumnado a través dunha posta en común na aula será una referencia importante na valoración do proceso de aprendizaxe.

- A final de curso, na Memoria do Departamento, farase unha valoración da consecución dos obxectivos iniciais, tendo

en conta as dificultades, os logros e as suxestións do alumnado participante.

9. Outros apartados